

# ALG-A LABORATÓRIO E CULTURA LIBRE NA GZ

*Presentación para Asociación creArte*

*Sarria, 16 Novembro 2013*

*por Man\_Hauser, Alg-a Laboratorio*

<http://lab.alg-a.org>

[lab@lg-a.org](mailto:lab@lg-a.org)

## 1. DA SOCIEDADE DO ESPECTÁCULO Á SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

Podemos caracterizar a Cultura Libre, a grandes rasgos, como unha forma de entender a Cultura ao marxe dos dereitos de autor. Fronte a propiedade como forma de relación cunha obra/produto cultural, a Cultura Libre entende que os recursos culturais non nos pertencen estrictamente, sino antes ben, somos nós @s que pertencemos a eles. Pertencemos a Cultura, do mesmo modo que a intelixencia é colectiva, porque estamos [inmers@s](#) nunha concatenación de influencias, referencias, materiais, que empregamos continuamente, nos que nos baseamos sempre para xerar algo novo, sendo na maior parte de aspectos imposible decidir onde remata o que un aporta individualmente do herdado. Isto acontece non só a nivel de contidos, senón incluso a nivel das condicións dos propios contidos; un bo exemplo disto é a escala dodecafónica para @s músic@s; pero moitos máis aspectos; pensemos nas persoas que empregan instrumentos, técnicas, recursos, tecnoloxías que outros inventaron para desenvolver novas obras, novos contidos con [el@s](#). Non teríamos que remontarnos entón até @s [nos@s](#) [antepasad@s](#) [primitiv@s](#) e o emprego dos primeiros aparellos que inventaron para interactuar co medio?

O concepto de autoría e de produto cultural; xunto a forma mercancía vencellada ao mesmo xorde nunha época moi concreta. Sobre todo hai unha época moi concreta na que esta relación se consume e adquire unha forma preponderante; dominante incluso, no seo das relacións de produción social. Falamos da época da Sociedade do Espectáculo, a mercadotecnia, a Cultura de masas, etc. Varios foron quen analizaron esta situación: dende a escola de Frankfurt, con Adorno e Horkheimer por unha banda, mais tamén Walter Benjamin ou o propio Guy Debord, quen bautiza o termo.

A sociedade do espectáculo; como cultura de masas, caracterízase por unha serie de puntos en relación coa cultura:

- Medios de comunicación: a súa implantación progresiva, dende a radio primeiro, até o cinema e a televisión despois permiten a reprodución practicamente infinita dos contidos de maneira non-escasa. Algo que xa adiantara a imprenta co libro e que trouxera os seus problemas a escritores e compositores con respecto aos editores, multiplicábase agora coa posibilidade de reproducir outra clase de contidos: os audiovisuais.
- A proliferación de produtos culturais; e polo tanto o vencellamento directo entre cultura e mercancía. Multiplícanse o número de obxectos vencellados á Cultura, entendido como tales, que podemos adquirir. Filmes, discos e maior cantidade de libros, que se favorecen agora da súa difusión noutras canles, ou ben adquiren incluso un carácter multimedia, poboan as nosas cidades e se nos ofrecen constantemente aunha clase media en auxe.
- A aparición propiamente desta clase media, consumidora desta clase de oferta cultural, como símbolo de clase, progreso e aceptación social por unha banda, mais tamén por outra, polo mesmo concepto de ocio que se vai fraguando nas nosas formas de vida. Fronte á captura do tempo de traballo laboral, ofrécesemos un tempo de ocio, de desconexión coa rutina da fábrica e os procesos de produción. Xorden máis axente interesados en apropiarse dalgún modo dese tempo de ocio no que o obreiro, debido clase media, ten unha nova capacidade de consumo.

Así, conforme van medrando as dificultades para o crecemento industrial-capitalista nos seus nichos tradicionais de mercado (1º e 2º sector) van aparecendo novas posibilidades no 3º; de ocio e servizos, máis ou menos vencellado á Cultura, o que propiamente dá lugar a esta cultura de masas e a súa sociedade do espectáculo correspondente. Ao tratarse dun sector onde a escasez non se dá directamente, senón máis ben ao contrario, non se atopa cos límites de recursos enerxéticos cos que topan as industrias tradicionais. Por ollar algúns datos recentes: <http://theblogbyjavier.com/2011/01/17/algunas-cifras-de-la-industria-cultural/>

Sen embargo, hai varias razóns para pensar que estamos a cambiar de época. Saindo dunha sociedade de masas impactada/dominada polos medios de comunicación de cara a unha sociedade de multitudes conectadas. Multitudes que xa non son un todo amorfo e homoxéneo que recibe toda ela unha mesma mensaxe, sen apenas elección (tan só cambiar de canle...); senón en relación consigo mesma, intercambiando información e coñecementos. Xa non destinatario, punto final dunha mensaxe, senón constitutiva da mensaxe mesma, en interacción e tempo real. Faise efectivo iso de “o medio é a mensaxe”; pois o propio medio, internet, o entorno dixital de modo máis amplo, introduce ao usuari@ nunha dinámica na que non deixa de crear contidos.

Creamos contidos cando consultamos algo, porque o lle damos outra prioridade nos buscadores, porque o linkeamos nós [mesm@s](#), o comentamos, porque nos serve como punto e seguido nunha outra NAVEGACIÓN que singularizamos ao tempo que nos singulariza. E isto é: a singularización, xustamente o que nos opón ao concepto de masa, e á cultura de masas. Na(s) multitude(s), igual que na teoría de redes, cada punto é un máximo de singularidade fronte a un mínimo de xeralidade. A rede constrúese do local ao global; ou dende o local aínda que con unha perspectiva global, cun tipo de relación, de navegación que é global, que ten a potencia do todo, mais que se efectúa de modo concreto e singularizado.

Outra característica que muda neste trasvase da sociedade de masas e do espectáculo de cara a unha sociedade da información e do coñecemento é a implantación dun novo tempo, unha nova temporalidade baseada na simultaneidade e o TEMPO REAL. Xa non a velocidade e a aceleración da mercancía, constantemente incrementada pola inversión en novas vías de comunicación. Se co capitalismo decimonónico foi o ferrocarril o que conectou toda Europa e incluso as colonias noutros continentes, xa no S.XX é a expansión do automóbil e a accesibilidade do avión o que se instaura no social como novo vector vertebrador de novas relacións de produción; mais non só iso, senón tamén como os medios de comunicación aceleran procesos, permítenos coñecer antes o que pasa noutro lugar do mundo, introdúcenos en xeral nunha nova época global conectada, mais aínda sen capacidade de interacción.

Non será sen embargo até que cheguen as novas tecnoloxías até que verdadeiramente esta época global cambie a cualidade do seu tempo, da súa temporalidade. Coas novas tecnoloxías [@s](#) [usuari@s](#) teñen a capacidade de respostar, de xerar novos contidos, xa non tanto de emitir mensaxes (que tamén) senón de habitar un medio, que é o dixital, xunto con outras persoas/entidades ao mesmo tempo. Dende a propia internet como espazo de edición global e simultánea accesible practicamente a todo o mundo, pasando pola internet 2.0 coa posibilidade de comentario, etc. Até as formas de chat, streaming, telepresencia, etc. Se ben seguimos empregando a mensaxería en internet como recurso útil, incluso a nivel empresarial, é sen embargo esta capacidade de habitar a verdadeira innovación, a que cambia a cualidade do tempo desta nova sociedade do coñecemento con respecto ao espectáculo.

E podemos aínda deducir un pouco máis; pensando na imaxe. Se ben na sociedade do espectáculo a imaxe está marcada pola súa capacidade de ilusión, de remitir a un mundo-outro no

que en xeral nos proxectamos, ou somos [proxectad@s](#) en tanto que [consumidor@s](#), agora, cada vez máis, coas novas tecnoloxías, a imaxe deixa de ter esta proxección que se esvaece e adquire un novo valor en si mesma, dun modo máis inmanente. Da ilusión hollywoodiense como imaxe arquetipo do social (extendida na publicidade e outros medios) pasamos a imaxe-información, ao valor da imaxe que caracteriza a videovixilancia, o streaming e as teleconferencias; amosando que o valor desta xa non se exerce soamente nunha dirección (como na ilusión cinematográfica, televisiva ou na publicidade, coaptando o espectador) senón xa bidireccionalmente ou incluso multidireccionalmente.

## 2. O PRECARIADO E O CAPITALISMO COGNITIVO

Sen embargo, non todo son festexos nesta viraxe; nesta muda. Saimos da presión que supón o crecemento constante, a aceleración da sociedade de consumo de cara a unha nova sociedade do coñecemento que cambia a velocidade polo tempo real e a simultaneidade; que prescinde da mercancía e o produto e valora o proceso, o propio medio como un hábitat produtivo sempre por reinventar. Agora ben, aparecen novos retos, obstáculos, axenciamentos:

- a sociedade de consumo resístese a este cambio, e se aferra as súas tácticas, ou ben as impón nos novos escenarios. Así: restrínxense por exemplo o uso libre das redes, con canons de dereitos de autor ou directamente bloqueos, accesos restrinxidos, incompatibilidades no emprego de ferramentas e recursos propios da sociedade da información e dunha multitude conectada.
- estamos cada vez máis formadas en áreas intelectuais, xa non propias do capitalismo industrial e de crecemento material; mais estas capacidades empréganse para os mesmos fins. E xa non só na publicidade, senón como xestores de empresas, optimizadores, consultores, avaliadores, testadores, innovadores. Todo un séquito na procura da rendabilidade perdida.
- unha gran parte da poboación que poderíamos caracterizar como precariado, ou directamente cognitariado, [moz@s](#) con moita máis formación que os seus [proxenitor@s](#) fican sen embargo sen emprego ou empregados en postos do máis inverosímil. Xeran unha nebulosa de [pseudo-parad@s](#), que non acceden a unha xornada completan, ficando nun limbo, entre a produción e o consumo, se intenta empregalos como parte do funcionamento do vello capital, nas marxes do mesmo.

### 3. MAPA DE INICIATIVAS E PROXECTOS

Relación de colectivos, asociacións, proxectos, cooperativas, iniciativas vencelladas á Cultura Libre na GZ; esta relación sempre é parcial, pois o mapa en tempo real sempre está a mudar, cada punto localizábel está en continua transformación en relación consigo mesmo e en relación co resto. De todos modos estas son unha serie de referencias que constatamos interesantes dende Alg-a Laboratório, para o que foi o nosa propia traxectoria e a nosa proxección de futuro.

- **Alg-a Lab** (<http://alg-a.org> <http://lab.alg-a.org>): é un laboratorio de experimentación cultural posto en marcha en 2008 pola comunidade de artistas Alg-a (2003), en colaboración por unha banda co arquitecto e activista Santiago Cirugeda, facilitador de 2 colectores habilitados para vivenda dentro do seu proxecto Recetas Urbanas (xerme da actual rede internacional de colectivos Arquitecturas Colectivas), e por outra cun particular da parroquia de Valladares (Vigo), quen nos ofreceu unha leira de 3000m<sup>2</sup> en réxime de cesión por 10 anos, onde están actualmente instalados os colectores. O obxectivo é ofrecer o Alg-A Lab como recurso a disposición dunha rede distribuída de diferentes persoas, comunidades e organismos (relacionados principalmente coa arte, a tecnoloxía libre, a arquitectura, a educación e a permacultura) interesadxos no espazo para o seu uso e xestión cooperativa. Paralelamente tratamos de experimentar e aprender diferentes posibilidades de autoxestión e organización colaborativas, inspiradas nas dinámicas distribuídas da cultura libre e nas redes 2.0.
- **Axóuxere Editora** (<http://axouxerestream.com>): é un proceso definido por un conxunto de creadores galegos independentes de toda forma ou dominio institucional. Inicialmente definidos como pensadores dunha nova orde configurativa do social, entendemos co paso do tempo que só somos mediadores. Mediadores dun xogo que provén de longo tempo pasado e do que nós temos constancia a través de todas as insurxencias que co tempo se foron definindo como novas aproximacións ao mundo, coma novos modelos de existencia ou acontecementos que, de modo interno, transformaron a realidade. Non somos singulares, máis ca outros, máis ca aqueles que traballan o pensamento e se adican á edición ou ao pensar colectivo, ou ben a aqueles que pensan na convivencialidade como medio de subsistencia nun tempo que parece apocalíptico.
- **Baleiro Canle de Producción** (<http://baleiro.org>): somos un colectivo de persoas interesadas en facer cultura dun xeito aberto e participativo. O noso centro de operacións está situado na

cidade de Santiago de Compostela, onde contamos cun pequeno [espazo](#) para traballar, organizar charlas, concertos e calquera actividade que polas súas características non teña cabida noutros lugares da cidade. Concebímolo como un nodo que aglutina, propón e realiza actividades relacionadas coas artes visuais e a música. No tocante ao modo de traballo, Baleiro é sobre todo unha estrutura flexible que muda co tempo e as necesidades de cada persoa. O noso obxectivo non é tanto a plasmación de determinados contidos como a apertura de diferentes vías de creación e difusión. O medio é o fin: establecer un clima propicio para o debate e o intercambio, sen máis condicionantes que o compromiso de facer as cousas por nós mesmos. Baleiro non conta cunha liña específica de produción de proxectos, nin tampouco con vencellamentos temáticos ou editoriais. O noso xeito de traballar baséase nas circunstancias concretas do momento. Polo tanto, non existe programación nin proxectos máis aló dos que eventualmente decidamos levar a cabo os usuarios. Aínda así, e debido á continuidade dalgúns de nós neste proxecto, podemos falar dun espírito compartido que entende o traballo en arte como unha actividade responsable con respecto á comunidade á que nos diriximos. Isto é, crear para nós mesmos e para as persoas que nos son máis próximas, sendo conscientes de que avaliar cuantitativamente a visibilidade, a rendibilidade ou o éxito dos proxectos non forma parte dos nosos obxectivos. Posto que a cultura tamén necesita de ser unha actividade eco-lóxica e sostible, en oposición ás nocións de crecemento ou desenvolvemento cultural propoñemos o decrecemento e a [baixa intensidade](#) como tácticas á hora de proxectar, financiar e comunicar. Nos apartados en activo e arquivado podedes consultar os proxectos que realizamos desde Baleiro.

- **Casa Tomada** (<http://casatomada.org/>): é un espazo social de intervención artística, autoxestionado e sustentábel situado dentro da estación de ferrocarrís de San Cristobal, na cidade da Coruña. É un espazo social xa que está proxectado como local social dunha asociación cultural sen ánimo de lucro para ofrecer actividades de lecer creativo ao barrio e a toda a cidade. É un espazo de intervención artística, xa que vai realizar actividades relacionadas coas distintas artes, escénicas, audiovisuais, musicais, pictóricas. É un proxecto autoxestionado xa que as súas actividades e organización vanse crear a través de grupos e áreas de traballo, en reunións assemblearias, onde as persoas poderán levar adiante as propostas colaborativamente. Economicamente vai ser un proxecto autofinanciado. É un proxecto sustentábel pois vai ser rehabilitado a través de técnicas de reciclaxe e autoconstrución; tamén porque vai xerar contidos creados

por diferentes colectivos locais e foráneos, que repercutan na cidade creando cultura e coñecemento, que retornarán ao propio espazo no tempo e o modificarán. Asemade, vai implicar e formar as persoas no seu crecemento. Motivacións: A intención da construción deste espazo vai orientada á satisfacción dunha necesidade principal: a recuperación de espazos de lecer creativo que lles ofrezan ás persoas cultura e arte libre fóra dos circuítos de programación comercial e de consumo. Un espazo onde estar. Librementemente. Un lugar onde desfrutar de espectáculos de calidade artística. Un espazo onde aprender e compartir cultura e coñecementos. Un espazo para xogar, nen@s e maiores. Un lugar de xuntanza para os colectivos sociais da cidade.

- **Ergosfera** (<http://ergosfera.org/>): Ergosfera somos un grupo de arquitect@s sin papeles que desarrollamos trabajos de acción-investigación desde A Coruña. Aunque entre nuestras actividades se encuentran la organización de talleres, conferencias, debates, exposiciones o intervenciones directas en el espacio urbano, últimamente nuestro trabajo ha tomado la forma de micro-investigaciones críticas sobre los procesos que conforman la ciudad contemporánea: “¿Cómo se produce hoy la diferencia? Guantánamo y otros Territorios de Excepción”, sobre la composición de las máquinas urbanísticas capaces de producir y sostener la diferencia radical; “¡Eu sí quero feísmo na miña paisaxe!”, sobre las cualidades de unos territorios que, tras ser denostados como improductivos y feos, necesitan nuevos relatos y argumentos para mantener abierta su posibilidad; o “Inditex / Ciudad / Capital”, sobre las materializaciones del capitalismo a través del caso de Inditex en A Coruña metropolitana. El posicionamiento crítico de estas prácticas-teorías se basa en nuestra condición de arquitect@s en un contexto en el que el Estado y el Mercado son instituciones irrisorias sin capacidad para pensar cuestiones como la diferencia, el deseo, la injusticia o la libertad. Respondiendo a banqueros, catedráticos, especuladores o concejales de seguridad ciudadana, casi nos vemos como terroristas urbanísticos. Respondiendo a Koolhaas, somos simplemente “partidarios” de la ciudad. Una actividad, por supuesto, por ahora no remunerada.
- **FAC Peregrina** (<http://facperegrina.wordpress.com/>): FAC Peregrina Furancho de Arte Contemporánea é un espazo proxecto artístico autoxestionado que xorde da necesidade dun lugar intermedio (nin comercial nin institucional) para a arte. É tamén un espazo non mediado por intereses alleos ao traballo de creación e baseado nunha circunstancia vital: o excedente cultural que hoxe en día constitúen determinados traballos artísticos tanto para os seus

creadorxs coma para o sistema da arte local e a urxente pertinencia de darlles saída e poñelos en relación co diálogo especializado que lles corresponde. FAC Peregrina, situado na contorna rural que é Galicia, fai uso das estratexias de recuperación e construción funcionais e estéticas propias do medio, vencéllase conceptualmente a elas e adopta a forma de Furancho, un lugar para o social e o intercambio directo construído cos materiais que xa hai na casa onde dar saída ao excedente da produción vinícola propia. Como proxecto, FAC Peregrina é tamén unha clara declaración de intencións, unha toma de posición e unha decidida acción fronte ao descrédito e ao descontento co actual desenvolvemento do sector profesional das artes en Galicia. Co convencemento de que as condicións nas que vivimos han ser as condicións nas que produzamos, FAC Peregrina actúa unha outra forma artística vital.

- **Proxecto Derriba** (<http://proxectoderriba.org/>): PROXECTO DERRIBA quiere ser unha comunidade singular. Singular porque tira os seus pulos dun aquí e dun agora concretos, malia que sente a necesidade de abrirse a todo aquilo que poida acontecer noutros lugares e contextos. Comunidade acéfala porque se forma polo conxunto de aqueles que comparten a non pertenza, porque a súa obra é a desobra.
- **Universidade Cromática das Virtudes** (<http://ucdv.wordpress.com/>): preséntase como unha comunidade aberta, plural, unha agrupación de seres calquera, sen identidade, que posúen a característica común da non pertenza e, polo mesmo, da súa condición de sentirse na casa en calquera lugar, como un fogar espiritual e libre de contaminación ideolóxica. Andamos na procura dun pensamento adecuado á nosa leve preocupación polas cousas que crea a cor do mar e o aire que se respira nas nosas cabezas. Invitamos a aquel ser máis impersoal a que se una neste conxunto de iniciativas que xiran en torno á organización de actividades culturais de diversa índole, tales como a realización de ciclos de cinema, festivais, exposicións de foto e debuxo, ou publicacións gráficas, revistas... permanecendo abertos ás posíbeis propostas que se orixinen ben dende dentro, ben dende fora da asociación, pero sempre no eido da comunidade.
- **Universidade Invisíbel** (<http://invisibel.net>): é un experimento no eido da produción institucional e cultural. Non tanto unha organización ao uso, a Invisibel defínese en termos de “rede de proliferación”; isto é, unha multiplicidade posta en común na forma dun corpo descentralizado, que coa vontade de experimentar coas formas da produción de saber e animar os debates críticos, coordina distintos proxectos de docencia alternativa, intervención

artística e metropolitana, crítica institucional, activismo e experimentación epistemolóxica e concetual. A invisibilidade da que falamos refírese a unha ampla gama de relacións non recoñecidas normativamente, e que non obstante transversalizan a produción do saber/poder. Máis aló do modelo fabril ou industrial, nas últimas décadas a produción de saberes e coñecementos expertos, de estilos de vidas, a creatividade semiótica e simbólica, e a elaboración de relacións afectivas e sociais, estase a converter no eixo central da produción social. Esta creatividade inmaterial non pode funcionar senón excedendo os límites das institucións, espallándose polo tecido metropolitano e o ciberespazo, e artellándose dun xeito colectivo. A produción asume agora a forma dun intertexto directamente social que non recoñece xa as dicotomías público/privado, transgredindo os confinamentos que diferenciaban un tempo e lugar de traballo e un tempo e lugar de ocio, xa que a creación de relacións, saberes, ideas e afectos prodúcese nun tempo e espazo universal metropolitano, físico e virtual. A partir destas reflexións a Universidade Invisibel ubícase nun espazo que problematiza a invisibilidade. Así, sitúase non tanto nas propias institucións como nas súas fisuras, no medio das relacións co-constituivas do coñecemento que as distintas prácticas de patente eenclosure invisibilizan. A corporalidade da Invisibel toma posición nos intersticios da Academia, as institucións artísticas, os movementos sociais e as distintas prácticas de intervención e renovación metropolitana. Con esta vontade, unha serie de docentes, investigadores, profesionais e produtores culturais lanzamos o Proxecto Universidade Invisíbel. En definitiva, podería decirse que a Invisíbel é unha "institución monstro". Nun tempo onde a produción inmaterial vulnera os límites das distintas institucións produtivas, as alternativas á produción de coñecementos críticos han de experimentar con formas “contra-natura” que recombinen os códigos e as funcións dos distintos dispositivos a través dos cais se expresa dun xeito transversal a creatividade social.

#### **4. COOPERATIVA GZi DE CULTURA LIBRE**

*GZi (<http://gzimaxinaria.net>) é unha Cooperativa de Cultura Libre que xorde do tecido asociativo e creativo en Galiza. Aúna liñas de I+D+i tan diversas como a arte, tecnoloxía, metrópole ou antropoloxía. Trata de consolidar os vínculos entre estas disciplinas apostando por unha opción de desenvolvemento e continuidade baseados na colaboración e a autosustentabilidade; garantindo as liberdades propias, de uso e produción, da Cultura Libre.*

Na Galiza existen diversos colectivos, asociacións e particulares que nos atopamos nunha crecente sinerxia de intereses mutuos, mais ante un panorama socio-laboral cada vez máis tenso e sen saídas. Os recortes e a crise precarizan e desestabilizan os nosos diferentes nichos e actividades produtivas. A situación pon de manifesto o paradoxo de querer crear, ter ilusión e iniciativas mais dentro dun horizonte negativo, demasiado complexo económica e burocráticamente, onde as posibilidades son escasas ou moitas veces insatisfactorias. O cal non quita que teñamos formación e competencias suficientes para levar a cabo os nosos obxectivos, ademáis de estar listos para enfrentarnos a outros retos novos.

Pertencemos dalgún modo á xeración chamada do *preariado* ou *cognitariado*. Estudantes perennes, licenciad@s ou doctor@s en diversas disciplinas, mais que apenas logramos insertarnos no mercado laboral. Certamente, o mercado está integrando a cultura como nicho produtivo, mais se trata dunha noción de cultura mercado-técnica, vencellada ao espectáculo e ao consumo, que manexan sobre todo as empresas privadas en connivencia coas institucións públicas. Por outro lado, a mesma Academia está entre as cordas, reducida e precarizada polos recortes no gasto público e a esclerosis propia da institución.

Nesta coiuntura, vémonos atrapados nunha pinza, cunha experiencia demasiado heterodoxa para a Academia e con poucas posibilidades dentro do Mercado. Unha terra de ninguén na que a cultura e o coñecemento libres, comunitarios e compartidos non teñen cabida fronte aos intereses antes expostos.

#### 4.1. QUE PRETENDE GZi ?

*Fomentar o desenvolvemento da Cultura Libre primeiro en torno as súas 4 liberdades: difusión, atribución, modificación e comercialización. De modo máis amplo e indirecto, dinamiza unha comunidade que xera ao seu través un retorno cooperativo: unha zona de influencia ou escena na que tod@s @s soci@s vexan revalorizadas as súas prácticas. GZi desemboca no procomún como zona de donación, contaxio e potencia. Tratamos de crear un ecosistema autosostíbel (igual que un bosque, unha ría, o deserto...) que transforme a nosa dependencia dos recursos públicos e privados.*

O concepto de produción vencellado á cultura resulta problemático no contexto actual:

1/ **Non está claro qué é un produto e qué non o é.** Case calquera cousa pode converterse en produto, sobre todo no área de xestión e servizos; a menudo os produtos son ao mesmo tempo un medio para a produción doutros bens en nichos de mercado dispares.

2/ Nesa mesma orde de cousas, **tampouco está clara a relación entre consumidor e produtor;** no contexto actual de crecente importancia do capital cognitivo e cultural, tod@s nós somos xerador@s de contidos, aínda que só sexa polo feito de consultalos, avalialos, escollelos, empregalos; por iso as empresas de marketing estudian as nosas tendencias e formas de vida, adaptando a elas os seus modelos produtivos.

3/ A pesar delo, **o control sobre o capital cultural segue en mans duns poucos:** grandes corporacións e institucións públicas que pasan por alto continuamente o feito de que só é entre tod@s podemos construír unha sociedade do coñecemento. Fronte a esa dobre apropiación da intelixencia colectiva, resulta imprescindible desenvolver alternativas de xestión cultural, como as que se apoian nas licencias libres (*copyleft* e *creative commons*), e fomentar un concepto de cultura que non se ciña ao valor de compra e venda.

En GZi apostamos polo procomún como paradigma, vencellamos abertamente produción e consumo, propoñemos unha noción de usuari@ que rompe a dicotomía entre consumidor@s pasiv@s e empresas. Xorden os conceptos de **PROSUMERS** e **PRODUSERS** claves na nosa concepción.

#### 4.2. COMO NOS ORGANIZAMOS GZi ?

*GZi organízase como unha cooperativa de usuari@s: un grupo de persoas e/ou entidades que participan de xeito paritario e assembleario da súa xestión. GZi serve así de matriz de investigación e produción, banco de recursos, mostra e difusión. Mais ao mesmo tempo é un instrumento legal e unha ferramenta para o desenvolvemento e a continuidade das nosas actividades e proxectos. Como ferramenta de xestión, GZi garante a@s usuari@s as liberdades de desenvolvemento da Cultura Libre. En tanto que instrumento legal, GZi dota a@s soci@s dunha posición de forza maior e un valor extra na súa relación coas entidades públicas e privadas.*

GZi ofrece a@s soci@s (colectivos, asociacións e particulares) un marco de interacción máis amplo e libre de moitos dos obstáculos que se atopan fóra. Invita polo tanto a@s soci@s a xuntarse,

a compartir coñecementos e recursos, a organizarse e empregar a cooperativa, en definitiva, como marco e contexto da súa interacción, difusión e produción cultural.

GZi está tamén aberta á participación de soci@s colaborador@s, que non empreguen directamente os recursos da cooperativa para a produción cultural, pero que simpatizan e colaboran co proxecto a diferentes niveis, entre os cales, por suposto, o de disfrutar simplemente do marco de Cultura Libre de GZi.

Noutro nivel, a cooperativa dialoga con institucións e diferentes entidades para presentarles proxectos a convocatorias que estas fagan, fortalecendo a cohesión e as garantías destes. E máis alá aínda, permite unha interacción horizontal con outros focos de Cultura Libre, como o demostra a súa inclusión na incipiente rede do Arco Atlántico, que conta co apoio de institucións doutros países, como Francia, Portugal e Marrocos, e que opta a recibir financiación europea.

Por último, e en tanto que Banco de Recursos (espazos + equipamentos + coñecementos) e Fondo de Inversión (financiación de proxectos consensuada pol@s soci@s), GZi supón unha garantía para a realización de actividades culturais libres.

#### **4.3. QUE PIDE DE TI GZi, E QUE OBTÉS A CAMBIO?**

*Como cooperativa de usuari@s partimos dun capital social mínimo que afrontamos de forma paritaria; é conveniente que cada soci@ participe ademais de forma activa na rede e actividades xeradas así como que respete os protocolos de produción e consumo cultural aos que se adscribe GZi. A cambio, garantimos este mesmo marco para as túas actividades e proxectos, tes voz e voto nas assembleas da cooperativa e accedes, por último, ao Banco de Recursos: Rede de Espazos alternativos, server RTV, Cousateca, etc.*

Segundo os artigos 45 e 46 da Lei de cooperativas de Galiza, a cooperativa de usuari@s, constitúese sobre un fondo de capital social mínimo de 3000 €, que @s soci@s asumen, en canto a mínimos, de forma necesariamente paritaria. Este Fondo de Inversión pode ser devolto no caso de que @ soci@ abandonen a cooperativa. Sen embargo, estas cotas non deben ser entendidas sen o resto de recursos que GZi pon en común implementando proxectos e actividades.

GZi fai un chamamento a tód@l@s intersad@s e partidari@s da Cultura Libre para

sumárense ao proxecto. A cambio; tes acceso aos recursos e bens que verás a continuación, a través de protocolos de emprego continuamente avaliados e consensuados por tód@l@s soci@s e a posibilidade de levar a cabo as túas ideas ou proxectos no seo da cooperativa ou en certa porcentaxe, con terceiros.

Os proxectos que amosamos a continuación son pensados para desenvolver nun primeiro ano de funcionamento da cooperativa; o que non quere dicir, que se deteñan aí. Ao contrario, son todos eles proxectos a consolidarse no funcionamento de GZi xa que facilitan condicións básicas para a investigación, o intercambio, a difusión e a produción.

Para o segundo ano, ademáis de continuar con estes proxectos incorporamos un 5º: *Plan de Estudos Independente*. Este plan, con matrícula e recoñecemento propio, indaga nas liñas de investigación propostas por GZi así como dos seus espazos de investigación e en interacción coa súa rede de docentes.

#### 4.4. PROXECTOS

**A Rede de Espazos alternativos GZi** articula espazos autoxestionados e postos en vinculación coa cooperativa para residencias, investigación, ou para realizar e festexar outros eventos. Exemplos delo son: Alg-a Laboratorio, en Valadares (Vigo) e Baleiro Canle de Produción, en Santiago de Compostela. Mais o teu espazo tamén pode formar parte desta Rede! Cada espazo mantén unha xestión independente e descentralizada con respecto á cooperativa; GZi pode non obstante axudarlle por medio dos seus recursos e a nivel de programación, tendo en conta que @s súa@s soci@s teñen parte nos procesos de produción e de toma de decisións.

**O Autobús Hack-lab GZi** (máis info) é unha unidade móbil a disposición d@s usuari@s para conectar a Rede de Espazos GZi, mais tamén para xerar emprazamentos novos. O Autobús é por elo en si mesmo un laboratorio de traballo e investigación que xera as condicións para unha nomadoloxía. Autobús Hacker incide na definición e límites do espazo público, así como na fronteira rural e urbano, complementando o seu alcance e favorecendo sinerxias. O autobús é tanto móbil como xerador de espazo (metropolitano) alí onde se empraza. Complementa os proxectos Cousateca e Adtlántida net.rtv.

**Cousateca** (máis info) xorde como unha ferramenta e un protocolo para compartir obxectos e cousas. Cousateca funciona como una URL que rexistra e redireciona os bens en función do emprego que soliciten facer @s soci@s de GZi. Os obxectos non son depositados en ningún lugar físico (almacén) senón que son continuamente reubicados segundo as solicitudes e mantidos polos colectivos ou persoas que dispoñen deles mentras outros novos non os solicitan. A cooperativa é deste modo, a través de Cousateca, un aval de reciclaxe, emprego e mantemento de cousas *donadas* directa ou indirectamente a@s usuari@s e colectivos.

**adtlantida.tv** é un proxecto de radio-televisión vía internet. É unha aposta de autoxestión para un server propio que permita establecer diversas canles de emisión/recepción/comunicación telemática dentro da Rede de Espazos GZi e fóra dela, a respectivos proxectos. Adtlántida RTV é un proxecto de xestión autónoma a GZi mais en estreita colaboración coa mesma ofrece facilidades e descontos para a adquisición e xestión da túa propia canle e livestream a@s soci@s. Ademais hai complementos de aplicacións específicas que podes solicitar a Adtlántida RTV.

#### **4.5. CANDO E COMO CONTACTAR? XESTIÓN POLÍTICA E INTERACTIVIDADE**

*GZi reúnese periodicamente en espazos afíns, principalmente en Vigo (Alg-a Laboratório) e Compostela (Baleiro, Canle de produción). Podes asistir presencialmente a estas reunións nas que formamos e consensuamos a cooperativa ou ben a través de videoconferencia. Ademais organizamos a Feira Imaxinaria como emprazamento nómade-artístico de intercambio de ideas e proxectos, así como participamos en Encontros Off, en relación con determinadas actividades que se dan en GZ.*

#### **REUNIÓN MENSUAIS TELEPRESENCIAIS**

Un canal de multiconferencia que conecta Vigo, Santiago de Compostela e A Coruña.

#### **FEIRA IMAXINARIA CONTEMPORÁNEA**

É encontro de artistas, creador@s e colectivos que presentan os seus respectivos proxectos e comparten as súas liñas de investigación valorando o proceso como aspecto fundamental da creación e a construción de sinerxias. Achégase ao formato de "mercadíño" cunha estrutura nodal e distribuída, mais en relación cunha produción inmaterial ou imaxinaria, moitas veces a través das tecnoloxías. O encontro afronta o reto de novas formas de xestión cultural, autoxestión e economías alternativas e ten un output lúdico con performances e sesións de DJ & VJ nocturnas.

#### 4.6. LIÑAS DE INVESTIGACIÓN

*Ainda que aberta continuamente a novos proxectos, traballos e propostas, estas son as liñas de investigación e desenvolvemento principais de GZi que articulan os seus obxectivos e avalían as súas accións. Son liñas forza que dende GZi apoiamos como eixos de articulación e desenvolvemento (I+D+i) en relación coa Cultura Libre e Contemporánea. Ainda así, os proxectos soen ser híbridos e tocar varias liñas de investigación de modo interactivo, con bifurcacións e conexións transversais.*

- **Experimentación sonora e visual:** o que hoxe en día chamamos AV LAB. Partimos do son e a imaxe como calidade cuase física-material, tratamos de deconstruír e chegar a outro plano da composición melódica e simbólica. Interésanos: o ruidismo, os espazos e paisaxes sonoras, a pedagogía aural, a creación escenográfica contemporánea, a video-danza e a telepresencia.
- **Espazo público, metrópole e nomadoloxía:** a metrópole coas súas hiperconexións cambia o espazo público. Este xa non só é físico senón tamén telemático/virtual. Que clase de cidadán xorde? Que posibilidades de interacción social e política? A través da Rede de Espazos, Autobús Hacker ou canle RTV quixéramos deducir as condicións para unha nomadoloxía.
- **Antropoloxía, psicoxeografía, comunidade:** atende ás relacións locais ou cercanas de cara á interacción social. As formas de vida, costumes, valores, tradicións, lendas, narracións... son pisadas polo asfalto do urbano (sobre todo en GZ); fronte a iso reactivamos unha antropoloxía imaxinaria: que recupere as tecnoloxías ancestrais, tradicionais e paganas.
- **Crítica institucional e novos modelos de organización e xestión:** alén da dicotomía (público/privado) á que continuamente nos vemos sometid@s, cabe un terceiro rexistro intermedio que ten que ver coa sociedade civil e a súa liberdade de asociación e cooperación. Responde en modelos alternativos coa autoxestión, a economía social e o paradigma procomún.
- **Permacultura, bioconstrución e sostenibilidade:** como resposta ás solucións industriais e de gasto enerxético para a obtención de recursos, apostamos por solucións con menos impacto ambiental. Alimentación, vivenda, enerxías alternativas e renovábeis completan e pechan o círculo dunha resposta integral á liberación da cultura.

### 4.3. TAGS

tecnoloxía social - fondo de inversión - cultura libre – procomún - open source – cooperativa - nomadoloxía - open tech - arco atlántico – biopolítica - crítica institucional - banco de recursos – P2P - [usuari@s](#) - produsers